

Coñecendo as nosas raíces

MEMORIA XUSTIFICATIVA.



23

Introdución

Este proxecto realmente é un estudo de desenvolvemento comunitario que xorde tras a necesidade de fomentar a vida laboral de xoves no ámbito rural. Para iso, leváronse a cabo a elaboración de actividades que estarán dirixidas por persoas voluntarias comprendidas entre os 16 anos a os 55 anos. Estamos ante unha proposta dun proxecto interxeracional na cal se permitiu crear unha unión entre os diferentes colectivos de idade. Así posibilitamos ampliar as relacións interpersoais entre os diferentes grupos favorecendo un intercambio de coñecementos e experiencias no rural.

Por tanto enténdese como rural ao espazo no que se define a través de mecanismos como a interpretación do patrimonio mediante a súa posta en valor, a educación patrimonial o a didáctica do patrimonio, unido á dixitalización e o uso de novas tecnoloxías. Todo isto permitiu promover a socialización e identificación dos bens patrimoniais como xeradores de identidade e especificidade, intentando modificar a visión ilustrada e distante que tradicionalmente se obtivo deles.

En canto as actividades, establecidos nos períodos de Xullo, Agosto, setembro e os primeiros 20 días de Outubro. Por outra banda, serán 4 persoas voluntarias as que participen neste novo proxecto xunto coa coordinadora do proxecto que será a Educadora Social contratada para este, que terá como fin permitir a todo o mundo poder gozar desta experiencia.

Xa que se considera unha verdadeira fonte de beneficios para o rural, este proxecto permitiu amosar o noso entorno e favorecer ás relacións interpersoais entre os maiores e os mais xoves, que era a principal idea.



Contextualización

O concello de Nogueira de Ramuín está integrado na comarca de Ourense e forma parte da denominada Ribeira Sacra. Ten unha extensión de 98,31 km² e unha poboación de 2067 habitantes segundo o censo do ano 2021. A cabeceira municipal da poboación de Luíntra (632m sobre o nivel do mar), a unha distancia de 19km da capital ourensá.

Xeograficamente sitúase no límite da provincia de Ourense, lindando cos concellos de Esgos, Pereiro de Aguiar, A Peroxa e Xunqueira de Espadañedo na provincia de Ourense, e os de Pantón e Sober en Lugo.

Ocupa a confluencia dos ríos Miño e Sil. Limita ao sur coa depresión ourensá, distribuíndose por as ladeiras da divisoria entre aqueles dos grandes ríos desde as ladeiras de Cabeza de Meda (1.320m). Abarca tamén a cabeceira do río Loña, incluíndo por o este, e un pequeno tramo do val do río Arnoia.

As trece parroquias que conforman o municipio son: Armaríz (San Cristovo), A Carballeira (San Xosé), Cerreda (Santiago), Faramontaos (Santa María), Loña do Monte (San Salvador), Luíntra (Santa Baia), Moura (San Xoán), Nogueira (San Martiño), San Miguel Do Campo, Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cruz de Rubiacós, Vilar de Cerreda (Santa Baia), Viñoás (Santa María).

Na súa totalidade Nogueira de Ramuín conta cun rico patrimonio natural, e destácanse bosques de carballo, bidueiro e castaño. As vertentes que asoman ao Miño e ao Sil, ofrecen unhas espectaculares panorámicas, sobre todo as que mostran a maxestuosidade do Canón do Sil. Existe tamén unha gran diversidade de fauna, proporcionada polo entorno rural descrito, que favorece o sustento, o abrigo e a seguridade.

Tamén existe unha interesante xeoloxía coas singulares formacións graníticas, froito da actividade dos elementos durante millóns de anos.



Ademais, como todo o rural galego, este municipio conta cun interesante patrimonio etnográfico, con pequenos pobos e aldeas cun encanto especial e que nos seguen mostrando moitos elementos que nos trasladan no tempo (arquitectura popular, hórreos, eras, muíños hidráulicos, lavadoiros públicos, palleiras...)

O patrimonio cultural e artístico, encabezado polo mais importante mosteiro da Ribeira Sacra, Santo Estevo de Ribas do Sil (monumento nacional dende o ano 1923 e ben de interese cultural dende 1985).

Igrexas románicas como San Martiño de Nogueira o San Cristovo de Armaríz, barrocas como a de Sta. María de Faramontaos, ermidas como a Virxe do Monte, A Virxe da Costria, ou a do Carpezal, petos de ánimas, cruceiros, petroglifos, necrópole megalítica como a de As Cabanas de Moura e outros, veñen a enriquecer a gran oferta turística desta enclave.

Como municipio turístico que é, Nogueira de Ramuín conta cun dos establecementos hosteleiros mellor valorados de España, o Parador Nacional de Santo Estevo. O embarcadoiro mais importante é o do encoro de Santo Estevo e dende onde parten as embarcacións que fan os traxectos fluviais polo Canón Do Sil e que transporta a máis de 60.000 visitantes ao ano. Ademais, dispón dunha oferta de hoteis e casas de turismo rural, ou de vivendas e apartamentos turísticos.


Para completar esta oferta a aquelas persoas que visiten Nogueira de Ramuín, a cabeceira municipal, Luíntra, dispón dun área recreativa, pavillón deportivo e piscinas municipais, área de autocaravanas en tránsito e servizos coma centro de saúde, farmacia, supermercados, carnicería, panadería, restaurantes, gasoleiras, ferreterías e outros.



Persoas voluntarias

No que respecta as persoas voluntarias foron as que se nomearon no proxecto de “ **Coñecendo as nosas raíces**” . Este cambio de persoal voluntario con respecto o 2022 débese a gran demanda de persoas que solicitou formar parte deste proxecto.

Obxectivos



Actividades

Finalmente, fixéronse as **31 actividades** propostas na memoria nos meses de Xullo, Agosto, Setembro e os primeiros 20 días de Outubro. Nelas participaron as **4 persoas voluntarias**, a **Educadora Social encargouse de dirixir o proxecto e participar en todas as actividades**, algúns maiores da residencia de San Martiño de Luíntra e os nenos/as do campamento de verán do concello de Nogueira de Ramuín ata o 15 de Agosto que rematou.

Aproveitando a tempada do campamento, dende o servizo de Cultura e Turismo do concello fíxose un grupo a través das redes sociais no que entraron as nais/pais dos nenos/as do concello para así poder ter constancia das diversas actividades que ían facendo unha vez remate o campamento.

Cabe destacar, que esta proposta foi un éxito por que permitiu os nenos/as seguir en contacto e gozando de outro tipo de actividades fora da tempada do campamento.



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 13 23 - 988 20 18 00 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 28
Fax 988 20 11 20 - www.concello-nogueira.com - Fax 988 20 18 15 - Estrada, Nogueira, 3 - 32160 OURENSE

1,2

- **24,26 de xullo:** Posta en marcha do obradoiro de traballos no medio rural destinados ao **ámbito turístico**. Co que respecta a duración foi dunha semana do 24 de xullo ata o 31 deste mesmo mes. Estes talleres levaronse a cabo no colexio Plurilingüe de Luintra aproveitando a tempada do campamento.

3

- **24 de xullo:** sesión 1: Iniciase o obradoiro no que participaron **12 nenos** do campamento, **a Educadora Social** e as **4 persoas voluntarias**. Comezou cunha charla sobre o oficio do Afiador composta por imaxes dixitais e información oral como por exemplo: como xorde este oficio e cales eran as súas labores. Esta actividade foi de gran importancia por que permitiu os turistas que se ían acercando a zona que puidesen coñecer de primeira man o que acontecía noutras épocas.
- *Ao rematar cada sesión, se lle fixo os nenos/as unhas preguntas de verdadeiro ou falso para ter constancia de que os coñecementos que adquiriron foron afianzados de maneira óptima.*

4

- **26 de xullo:** sesión 2: obradoiro sobre o traballo de **comerciante de ouro e prata no medio rural**. Os participantes foron os mesmos que na primeira sesión. Cabe destacar que esta actividade causou un gran impacto social por que é un oficio moito mais descoñecido para os mais xóvenes o que permitiu que os maiores foran os "mestres" destas actividades por ser os que mais coñecemento teñen sobre os oficios de antes.



5

- **27 de xullo:** Sesión 3: inicio do taller sobre o oficio de "Quincalleiro". Participaron **9 nenos do campamento, a Educadora Social e as 4 persoas voluntarias**. A metodoloxía que se seguiu consistiu en explicar as labores que tiña esta persoa nos pobos e a importancia que tiña esta figura en tempos pasados. Tamén destacou a importancia desta profesión nos medios rurais xa que permitía adquirir materiais para as vivendas nas portas da casa.

6

- **28 de xullo:** Sesión 4: charla informativa é didáctica sobre a labor dos "**Cordeleiros**" no medio rural.
- As persoas que participaron foron os **11 nenos do campamento a Educadora Social e as 4 persoas voluntarias**. Para levar a cabo este taller utilizaronse medios audiovisuais (power point) para que os cativos puidesen entender mellor este oficio, xa que resulta algo máis descoñecido nestos tempos.

7,8

- **29 e 31 de xullo:** Sesión 5: Foi o remate deste obradoiro e para elo fíxose unha pequena posta en común a modo de xogo instructivo na que participaron os **12 os nenos/as do campamento** xunto ca **Educadora Social e as 4 persoas voluntarias** as cales interviron de maneira conxunta para poder nomear outros traballos do medio rural e explicar en que consisten cada un deles.
- Como resultado de este taller destacou que os nenos/as quedaron moi contentos debido a que adquiriron coñecementos sobre os diferentes oficios que desenrolaron os seus avós e que agora son completamente diferentes, sin tanto esforzo nin complicacións.
- Finalmente, Ao pasar o test de verdadeiro ou falso no remate de cada sesión púidose analizar un 80% de repostas correctas polo que se considera que foron óptimos os obxetivos que se habian plantexado cos resultados obtidos.



9,10,11

- **1,2,3 de Agosto:** Posta en marcha dun **taller turístico** de concienciación medioambiental e patrimonio rural e natural do concello de Nogueira de Ramuín. O taller tivo unha duración de 3 días e tivo como destinatarios os nenos/as do pobo de Nogueira de Ramuín. Para poder participar nesta actividade tiveron dous días previos ao comezo da actividade para a inscrición que se fixo a través do servizo de cultura e turismo do concello.
- O total de inscritos foron **14** e tamén contárase coa participación das **4 persoas voluntarias xunto coa Educadora Social** que se encargou de por en marcha e dinamizar o taller.

12,13

- **8 y 9 de agosto:** creouse un **taller de manualidades** con materiais reciclados coa intención de que os turistas que visitaron a zona coñezan a segunda vida que se lle dá a estes materiais.
- En canto os participantes foron: os **12 nenos/as** inscritos no servizo de cultura e turismo da anterior actividade, as **10 persoas maiores** da residencia de San Martiño de Luintra e por último as **4 persoas voluntarias xunto coa Educadora social**.
- O que se conseguiu con iste obradoiro non só é que se adquiran coñecementos sobre as posibilidades que teñen algúns materiais tralo seu reciclaxe senon que se produciu unha interacción conxunta entre os maiores e os xovénes no que estes últimos foron os que lle axudaron os maiores a facer as manualidades o que permitiu favorecer tanto as relacións entre eles como a súa psicomotricidade.

14,15,16

- **14,16 y 17 de agosto:** obradoiro da **replantedión de árbores** en zonas desforestadas ca finalidade de dar visibilidade deste proxecto a os turistas que se acercaron a zona. Nesta actividade participaron **15 maiores** da residencia de Luintra e **20 nenos/as** que se inscribiron no concello para esta actividade a cal se difundiu a través das redes sociais. Ademais, **a Educadora social e as 4 persoas voluntarias** encargáronse de axudar a instruír a actividade .



17,18,19,20

•**21,22,23 y 24 de agosto:** Semana da creación dunha **horta ecolóxica** na residencia San Martiño co fin de que os turístas que viñeron pola zona poidan observar as cosechas. Neste obradoiro participaron as **4 personas voluntarias, a Educadora Social, 20 nenos/as** do concello que se rexistraron tras ver o anuncio nas redes sociais mais **os 16 maiores** da residencia San Martiño de Luínta. Unha vez finalizou esta semana, os maiores seguiron encargándose de regar e cultivar o plantado xa que a horta atópase no seu recinto.

21

•**25 de agosto: Exploración de sendeiros naturais** como por exemplo a Ruta de Nogueira-Liñares-Ribeira Sacra. Nesta actividade participaron **25 nenos/as** inscritos no departamento de cultura e turismo do concello , **as 4 persoas voluntarias xunto coa Educadora Social** encargaronse de guiar esta ruta xa que son ben coñecedores da contorna. Esta ruta ten como obxectivo realizar un roteiro circular, en sentido favorable ao reloxo. Trátase dun roteiro fácil e interesante que partiu dende a estrada de Viñoas, moi cerca do lugar de Nogueira. Atopáronse amplas vistas sobre a ribeira do río Miño, mesmo vistas sobre a Serra do Faro de Avión. O trazado ten un pouco de todo; antigos camiños de carros, camiño real e pistas amplas. Parte do percorrido coincide coa moi coñecida Roteiro do Farricoque.

22,23,24,25

•**28,29,30,31 de agosto: Semana dos Xogos tradicionais** con fins turísticos xa que o que se pretende é dar visibilidade os xogos de antes. Estivo instruída pola **Educadora Social e as 4 persoas voluntarias**.

•Nesta actividade participaron os **15 maiores** da residencia de San Martiño de Luínta que foron os encargados de instruír estes xogos. Os participantes foron os nenos/as que pertencían o grupo rexistrado no departamento de cultura e turismo. Contarase cun total de **30 nenos/as** e os xogos forón: Petanca, a chave, a buxaina e o truco e se repartiron en un xogo para cada día de esa semana.



26

• **4 de Setembro:** Deseño e programación dunha ruta turística co catamaran para percorrer a Ribeira Sacra. Encargaronse de **programala a Educadora Social** coa axuda das **4 persoas voluntarias**. As persoas interesadas poden anotarse durante os días 4 e 5 de setembro. Finalmente, as persoas que participaron na actividade foron **21** persoas maiores e menores.

27

• **5 de Setembro:** As **4 persoas voluntarias supervisadas pola Educadora Social** encargaronse de chamar o catamaran para concretar a hora de saída e comunicarllo os participantes mediante as redes sociais (grupo de whatasapp).

28

• **6 de setembro:** viaxe turístico por o río Sil no catamarán as 12:00 da mañan. O percorrido foi dunha hora na que as persoas disfrutaron do paisaxe e puideron intercambiar diversos coñecementos entre eles, como cambiou a entorno nestes últimos anos etc...

29,30,31,32

• **1,4,8,16 de Outubro:** Excursión turística o punto de información do concello de Nogueira de Ramuín. Dita ruta estivo guiada por a **Educadora Social e as 4 persoas voluntarias** mais os grupos de **10 nenos/as** do colexio Plurilingüe de Luíntra. Unha vez alí, un técnico especializado en Turismo encargouse de explicar todas as posibilidades que ten o noso concello e outros pretos da Ribeira Sacra.



lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24 Deseño e programación do taller dos oficios no medio rural.	25	26 Deseño e programación do taller dos oficios no medio rural	27 Sesión 1y 2: Obradoiro sobre o oficio do "Afiador"	28 Sesión2 y 3: Obradoiro sobre o oficio do "Comerciante de ouro e prata".	29 Sesión4 y 5: Obradoiro sobre o oficio do "Quincalleiro".	30
31 Debate a modo de xogo popular sobre os coñecementos adquiridos.						



Agosto 2023

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
	1 Deseño e programación dun taller turístico de concienciación medioambiental.	2 Deseño e programación dun taller turístico de concienciación medioambiental.	3 Deseño e programación dun taller turístico de concienciación medioambiental.	4	5	6
7	8 Taller de manualidades	9 Taller de manualidades	10	11	12	13
14 Replantación de árbores en zonas deforestadas.	15	16 Replantación de árbores en zonas deforestadas.	17 Replantación de árbores en zonas deforestadas.	18	19	20
21 Creación dunha Horta ecolóxica.	22 Creación dunha Horta ecolóxica.	23 Creación dunha Horta ecolóxica.	24 Creación dunha Horta ecolóxica.	25 Exploración de sendeiros naturais "Ruta de Nogueira-liñares-Ribeira Sacra".	26	27
28 Xogos tradicionais	29 Xogos tradicionais	30 Xogos tradicionais	31 Xogos tradicionais			



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



R
Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 18 00 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 28
Fax 988 20 11 20 - www.concellodegramuin.es - Fax 988 20 18 15 - Estrada, Nogueira, s/n - 32160 OURENSE

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
				1 Deseño e programación dunha ruta turística no catamarán	2	3
4	5 Inscrición das persoas e comunicación nas redes sociais.	6 Ruta turística no catamarán as 12:00 da mañá.	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	



lu.	Ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
						1 Excursión turística do colexio de Luíntra ao punto de información do concello
2	3	4 Excursión turística do colexio de Luíntra ao punto de información do concello.	5	6	7	8 Excursión turística do colexio de Luíntra ao punto de información do concello
9	10	11	12	13	14	15
16 Excursión turística do colexio de Luíntra ao punto de información do concello	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Presuposto.

MATERIAIS FUNXIBLES	500€
RETRIBUCIÓNS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO O PERSOAL DE ENTIDADES LOCAIS.	5.644.72€
PERSOAS VOLUNTARIAS	744€

Conclusións

A importancia da interacción de todas as xeracións do noso concello é de suma importancia para poder coñecer as raíces tan importantes para crear unha pegada da nosa identidade, de saber de onde vimos e cara onde nos queremos dirixir. Saber o esforzo dos nosos maiores para procurar facer as cousas no futuro dun xeito moito máis responsable e sobre todo de tratar de que eles se sintan útiles nunha sociedade onde se lles está apartando do mundo. Ser coñecedores das súas historias de vida é algo fermoso e que crea vínculos afectivos e emocionais moi fortes, as súas lendas contadas en primeira persoa fará que este proxecto enfocado a dar luz á nosa zoa tan turística e tan visitada, sexa non só un lugar onde pasan os viaxeiros senón ademais un lugar con alma onde sempre queiran volver.



As figuras tradicionais, os oficios tan esquecidos están arraigados á nosa terra dun xeito moi profundo, e a participación dos nenos e nenas do concello buscando eses orixes é importante e marabilloso para o seu aprendizaxe. Unha vez mais contamos cas 4 persoas voluntarias, que como no proxecto anterior se encargarán de facer este novo proxecto, unha idea de futuro. Este ano ademais contamos cunha voluntaria con discapacidade, xa que nos parece fundamental a súa integración para motivar entre nenos, nenas e maiores a visibilidade d colectivos excluídos para que a través da inclusión atopen lugares seguros e positivos, se sintan útiles como persoas, fomenten a súa autoestima e pensen que son tan importantes para a sociedade como calquera que non teña ningún tipo de discapacidade ou necesidades educativas especiais. Son un espello onde se poden mirar todos os menores e adolescentes que viven esa etapa tan complicada de buscar a súa identidade de grupo e que as veces lle custa moito, atopala.

Nós temos moita ilusión neste novo proxecto, e trataremos de sacalo adiante entre todos/as, por que dalgún xeito as actividades programadas dentro da liña de Turismo, engloba moitas mais perspectivas que coñecer o noso concello, facendo que nos sintamos orgullosos de haber nacido e vivido nel.

Non hai nada máis fermoso, que na idade adulta alguén se sinta feliz cando fala das súas raíces e da súa terra e cando conta, que esa mesma terra foi a dos seus avós que tanto a coidaron para deixarnos un mundo mellor e máis xusto.

Este exercicio, tan só se pode desenvolver dende o 01.07.2023 ata o 20.10.2023 polo que posiblemente haberá tarefas que non sexa posible sinalar como algo primordial, pero necesitaríamos máis tempo para continuar coñecendo e ensinando a idea fundamental do proxecto.

Sen dúbida continuará sendo o noso propósito nos vindeiros exercicios xa que tralos resultados obtidos das diferentes enquisas feitas os participantes atopamos un 90% de resultados óptimos. Polo que se considera de gran rendibilidade social o feito de seguir promovendo este tipo de actividades nas zonas rurais.



En Nogueira de Ramuín a 20 de Agosto do 2023

ASDO: Lucía González Fernández



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 13 23 - 988 20 18 00 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 28
Fax 988 20 11 20 - www.concello-nogueira.com - Fax 988 20 18 15 - Estrada, Nogueira, 3 - 32160 OURENSE